

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001367	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A Programación Didáctica para o curso académico 2023-24 rexeráse polo Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. O centro.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de matemáticas nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira. O CEIP Plurilingüe de Abanqueiro está ubicado na parroquia de Abanqueiro, concello de Boiro. O centro consta de 9 unidades (3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria). Hai un total de 143 alumnos/as que son atendidos por 17 mestres/as.

A meirande parte das familias vive do sector do marisqueo e da pesca e o seu nivel socio-cultural é medio. Instalacións e recursos.

O colexio está equipado con 14 aulas (3 de Infantil, 6 de Educación Primaria, aula de PT, aula de AL, aula de música, aula de plástica e aula de inglés). Ademais contamos cunha biblioteca, unha aula de informática con 18 ordenadores conectados a internet, un ximnasio, unha sala de mestres, un comedor e unha sala de reunións.

A aula.

O alumnado para o cal se elabora a presente programación didáctica atópase no primeiro curso de Ed. Primaria. Son un total de 24 alumnos/as (8 nenas e 16 nenos), dous dos cales proceden doutros centros educativos. Hai que destacar que dentro deste alumnado hai 4 nenos con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ordeno la clase.	Partindo da idea de manter a nosa clase ordenada, aprenderemos os números dende 0 ata 5, (grafía, orde, descomposición), compararemos cantidades (máis que, menos que, tantos como) e traballaremos a posición relativa de obxectos no espazo (dentro, fóra, arriba, abaixo, lonxe e cerca).	5	12	X		
2	Me muevo y me oriento.	A través do tema transversal da educación para a saúde e o benestar, abordaremos os seguintes contidos: números ata o 9	5	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Me muevo y me oriento.	(conteo, grafía, orde, comparación) e lateralidade (esquerda e dereita) para conseguir realizar e describir un recorrido.	5	13	X		
3	Me cuido.	Seguimos traballando a educación para a saúde coa fin de inventar un slogan para manterse san. Os contidos traballados ao longo desta unidade serán: número 10 (conteo, valor, grafía, orden, composición e descomposición), a decena, sumas en horizontal e figuras planas (círculo, triángulo, cadrado e rectángulo).	10	15	X		
4	Respiramos aire limpio.	Pasamos a traballar a educación medioambiental e sostible a través de contidos como os números ata o 19; restas en horizonta e lcomparación de lonxitude, peso e capacidade.	10	15	X		
5	Mi mascota cumple años.	Empregaremos a vida nos ecosistemas como fío conductor para traballar os números ata o 29, sumas e restas na recta numérica e clasificación de liñas (rectas, curvas, abertas e pechadas).	5	15		X	
6	Veo formas en la naturaleza.	Seguimos sumerxidos na vida na natureza para e buscaremos formas nela para continuar coñecendo as figuras planas e os seus lados, os números ata o 39, o número anterior e posterior e a suma e resta de unidades e decenas.	10	15		X	
7	Mido distancias.	Aprenderemos algunhas unidades de medida corporais e non convencionais co obxectivo de medir distancias no noso entorno. Tamén traballaremos os números ata o 59 (conteo, orde, composición e descomposición) e sumas en vertical.	10	15		X	
8	Uso un vaso en cada caso.	A situación de aprendizaxe desta unidade será a de elexir os recipientes que podemos usar para non malgastar auga. Farémolo a través de unidades de medida de capacidade non convencionais, números ata o 79 e restas en vertical.	10	15		X	
9	Cuento y reutilizo	Veremos a importancia das matemáticas para chegar a ser consumidores responsables. Traballaremos os números ata o 99 (conteo, orde, composición e descomposición), interpretación de gráficos de barras e pictogramas e repaso de operacións.	5	15			X
10	Calculo con mi máquina.	Trataremos de deseñar unha máquina de calcular sostible. Para iso necesitaremos aprender os signos maior e menor que, sumas de tres sumandos, sumas con levadas, as moedas e os billetes.	10	15			X
11	Un día para celebrar.	Co obxectivo de investigar cando son as festas da nosa localidade, aprenderemos a	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Un día para celebrar.	medir o tempo (días da semana e meses do ano). Tamén repasaremos os números ata o 99 e operacións, e aprenderemos a sumar tres números con levadas.	10	15			X
12	Es tempo de cuidar el mar.	Chega o verán e debemos ser conscientes da importancia de coidar os nosos mares e océanos. Para iso debemos coñecer os números ordinais, as horas en punto e media e repasar unidades de medida e números e operacións.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ordeno la clase.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar as estratexias axeitadas para ordear unha secuencia de viñetas de forma lóxica.	PE	65
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Usar a propia experiencia para distinguir os conceptos de dentro/fóra, diante/detrás, arriba/abaixo e cerca/lonxe.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer a relación entre as cantidades e facer comparacións.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo respectando aos compañeiros/as e resolvendo os conflitos de forma pacífica.	TI	35
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Valorar a importancia e a utilidade das matemáticas na vida cotiá.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as propias emocións, evitar a frustración e ser cada vez máis autónomo/a na realización das tarefas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Crenzas, actitudes e emocións - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Me muevo y me oriento.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con material manipulativo os números ata o 9, así como a súa composición e descomposición.	PE	70
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Usar a propia experiencia para distinguir os conceptos de dereita e esquerda.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer a relación entre as cantidades e empregar os conceptos igual e/ou distinto.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar de forma ordeada unha secuencia de viñetas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Ser capaz de facer un percorrido en cuadrícula seguindo as instrucións proporcionadas.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo respectando aos compañeiros/as e resolvendo os conflitos de forma pacífica.	TI	30
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as propias emocións, evitar a frustración e ser cada vez máis autónomo/a na realización das tarefas.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participar no grupo de forma responsable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cantidade
- Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Patróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción
- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

UD	Título da UD	Duración
3	Me cuido.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender os problemas propostos e achar a súa solución.	PE	65
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñecer o nome das principais figuras planas: cadrado, triángulo e círculo e concepto de decena.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a utilidade dos números e da suma na vida cotiá.	TI	35
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar unha actitude positiva ante as tarefas diarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). - Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir. - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras... - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas. - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

UD	Título da UD	Duración
4	Respiramos aire limpio.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Levar a cabo estratexias para comparar lonxitude, peso e capacidade.	PE	50
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñecer os números ata o 19.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Valorar a utilidade das matemáticas na vida cotia.	TI	50
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo respectando aos compañeiros/as e resolvendo os conflitos de forma pacífica.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participar no grupo de forma responsable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Estimación e relacións - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Localización e sistemas de representación - Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción. - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Crenzas, actitudes e emocións - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
5	Mi mascota cumple años.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar a liña numérica como estratexia para sumar e restar.	PE	80
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Coñecer os tipos de liñas e relacionalas con obxectos da vida cotiá.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas para traballar os conceptos de maior que/menor que.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Empregar scornabots para levar a cabo actividades relacionadas con rutinas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. - Localización e sistemas de representación - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
6	Veo formas en la naturaleza.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas de cambio.	PE	90
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Coñecer a conexión entre os números anterior e posterior.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Coñecer o nome das figuras planas e os seus lados.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos e resolver sumas e restas por descomposición.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións entre o aprendido na clase e a súa utilidade na vida cotiá.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). - Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir. - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras... - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo. - Crenzas, actitudes e emocións - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

UD	Título da UD	Duración
7	Mido distancias.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Medir lonxitudes con medidas non convencionais.	PE	80
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Exemplificar problemas de diferenza.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Traballar cos números ata o 59 e facer conxecturas sobre os mesmos: conteo, orden e descomposición.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Resolver sumas.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable.	TI	20
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Valorar a importancia das matemáticas para o desenvolvemento de moitas actividades da vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Magnitude <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. - Medición <ul style="list-style-type: none"> - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Estimación e relacións <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Patróns <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
8	Uso un vaso en cada caso.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver restas en vertical.	PE	75
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resollen matematicamente.	Exemplificar problemas que impliquen números ata o 79.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Facer comparacións entre capacidades e trasvases.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar de forma respectuosa no traballo en grupo resolvendo os conflitos de forma pacífica.	TI	25
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer a utilidade das matemáticas para o desenvolvemento de actividades da vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Relacións - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Magnitude - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. - Medición - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
9	Cuento y reutilizo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Coñecer os números ata o 99 e a súa relación (conteo, orde, descomposición)	PE	85
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Realizar operacións de suma e resta.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de cálculo mental.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Realizar gráficos de barras e de pictogramas para resolver problemas.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as propias emocións, evitar a frustración e ser cada vez máis autónomo/a na realización das tarefas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

UD	Título da UD	Duración
10	Calculo con mi máquina.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas para empregar de forma correcta os signos maior que/menor que.	PE	100
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer o nome das moedas e dos billetes e o seu valor económico.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Sumar tres números dunha cifra e sumas con levadas.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Saber empregar moedas e billetes para representar situacións da vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Relacións e funcións - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.

UD	Título da UD	Duración
11	Un día para celebrar.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Relacionar os días da semana cos conceptos de onte, hoxe e mañá.	PE	75
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir e ordenar no tempo as rutinas do día a día.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender preguntas acerca do calendario e saber respostas.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Colaborar no traballo en equipo de forma responsable para conseguir os obxectivos propostos.	TI	25
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Razonar as respostas en problemas de selección por descarte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Magnitude - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Construción do calendario para a compresión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Pensamento computacional

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.

UD	Título da UD	Duración
12	Es tiempo de cuidar el mar.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Buscar a solución a un problema de diferencia.	PE	80
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer relación entre os números cardinais e os ordinais ata 10º.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Coñecer o funcionamento do reloxo dixital e de agullas (hora en punto e e media).		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitude positiva ante a realización de tarefas e aceptar o erro como parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Incerteza - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Habitualmente o alumnado está repartido en catro grupos de seis discentes cada un diferenciados por unha cor. Dado o elevado número de alumnado na clase e a presenza xa diagnosticada de alumnos/as con NEAE nestas áreas trataremos de traballar a meirande parte do tempo con dous grandes grupos. Deste xeito faremos unha explicación dos contidos para todo o grupo e despois repartiremos o traballo do seguinte xeito:

- Dous grupos de alumnos, un total de 12 alumnos, realizarán as tarefas meramente académicas co apoio e supervisión da mestra. Deste xeito poderanse ver e atender mellor as dificultades que xurdan.

- A outra metade da clase, dous grupos de 6 alumnos cada un, levarán a cabo traballo por estacións relacionado cos contidos a traballar de forma máis lúdica e autónoma. Cando se conte na clase coa presenza dun mestre de apoio con dispoñibilidade horaria a súa función será a de supervisar e axudar a estes grupos.

- Cando o maioría dos discentes que están traballando coa mestra, rematen as tarefas procederase a cambiar os roles. É dicir, os nenos/as que estaban no traballo por estacións pasarán a traballar coa mestra e viceversa. En ocasións isto non poderá ser na mesma sesión debido á falta de tempo. Nestes casos será na próxima sesión lectiva cando se continúe co traballo.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

Tamén é importante salientar que nesta área traballaremos de forma manipulativa moitos dos conceptos por ser así máis significativos e realistas para o alumnado.

As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos e alumnas se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estén preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

Os principios que orientarán o proceso de ensino-aprendizaxe serán:

- Metodoloxía activa e globalizada: intentando integrar a todos/as na dinámica xeral da aula a través da súa participación continua na dinámica da clase.

- Motivadora: tratando de partir dos intereses, demandas e necesidades do alumnado en cada momento.

- Participativa: fomentando os traballos en equipo para acadar o respecto e a colaboración entre todos/as.

- Autónoma: a linguaxe será sinxela e clara na presentación dos contidos. As actividades estarán graduadas na súa dificultade e farase énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe para que os alumnos/as sexan o máis autónomos/as posible.

- Atenderá a formación en valores: incluíndo sempre que sexa posible temas transversais de contido cívico que leven á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do seu corpo, a convivencia axeitada, o respecto e conservación da natureza...

- Atenderá á diversidade: tendo presentes os diferentes ritmos de aprendizaxe, as características evolutivas e os intereses particulares, deseñaranse as dinámicas precisas para respectalos na maior medida posible.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, abaco...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ...
Material de debuxo: regra
Diñeiro: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: ordenador, PDI, aula de informática, scornabots, páxinas web...
Libro de texto.
Fichas de clase.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

O obxectivo da avaliación inicial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de ciencias da natureza. Para levala a cabo empregaranse fichas individuais, preguntas orais, xogos... A maiores tamén se revisará o expediente de Ed. Infantil de cada alumno/a para aportar máis información.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de dificultades e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	5	10	10	10	5	10
Proba escrita	65	70	65	50	80	90	80	75	85	100
Táboa de indicadores	35	30	35	50	20	10	20	25	15	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	75	80	76
Táboa de indicadores	25	20	24

Criterios de cualificación:

Para a avaliación de cada unidade didáctica teranse en conta os criterios de cualificación establecidos no apartado 3.3. É de especial importancia sinalar que debido á idade do alumnado e a súa recente incorporación á etapa de Ed. Primaria, o resultado da avaliación terá moi en conta o traballo diario dos nenos/as, a actitude ante o mesmo, o esforzo, o comportamento... e todas aquelas características que os alumnos/as deben ir adquirindo para chegar a ser estudantes autónomos e competentes.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre, pero sempre dándolle un peso importante ás características arriba

mencionadas. Deste xeito podemos deixar recollido que as unidades didácticas terán un peso do 70% e o 30% restante será para os demais factores.

A nota ordinaria será a media ponderada dos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo e o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.

Tamén se manterá unha reunión informativa coa familia para propoñerlle actividades de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Para levar a cabo unha atención á diversidade o máis eficiente posible seguiranse estes pasos:

En primeiro lugar, realizarase unha atención o máis individualizada posible por parte do titor/a dentro da aula, para quen o precise, intentando que deste xeito o alumno/a se adapte ao ritmo de aprendizaxe do resto do grupo, utilizando todas aquelas estratexias que o titor/a crea necesarias, e tendo en conta as suxestións que dende o departamento de orientación se aporten.

En segundo lugar, de non ser efectiva a medida anterior, proporase aos alumnos que o necesiten para que reciban reforzo educativo dentro da aula coa axuda doutro profesor de apoio que entrará na aula para completar e axudar ao titor/a. Dada a ratio elevada da clase para a cal se elabora a esta programación didáctica e os casos NEAE xa detectados, contaremos con 6 horas de apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria.

Por último, os casos máis preocupantes propóranse para que sexan revisados e se lle faga un seguimento pola orientadora do centro, previa autorización familiar e desa forma poder crear as estratexias de intervención adecuadas, das que se informará puntualmente ás familias. De ser o caso, manterase con estas familias unha relación de comunicación estreita coa finalidade de realizar estratexias conxuntas e levar a cabo un seguimento avaliativo máis continuo.

Sempre que se contemple a necesidade de que o alumno/a teña que abandonar a aula para recibir unha atención diferenciada á do resto do grupo, na aula as actividades realizadas polos seus compañeiros/as non suporán un avance significativo de contidos e, polo tanto, unha perda engadida de ritmo para o alumno/a que sae.

En todo momento haberá unha comunicación continua entre o titor/a e os especialistas para ir integrando no proceso educativo as necesidades e avances que se vaian producindo.

Co fin de atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe, contarase na aula con actividades de ampliación diversas:

- Biblioteca.
- Zona de xogos (xogos de mesa, manualidades, construcións....)
- Fichas de ampliación (sudokus, sopas de letras, búsqueda de diferencias...)

Igualmente, aqueles alumnos e alumnas que teñan máis dificultades, realizarán actividades de reforzo na casa (previa información ás familias). Poderanse realizar adaptacións de actividades e tempos co fin de facilitar a aprendizaxe de determinados alumnos.

Por último sinalar que se contará co apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe para ao alumnado NEAE.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz: prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde.		X	X					
ET.7 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				X			X	
ET.8 - Educación ambiental.				X	X	X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional.	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz: prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde.				
ET.7 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X		X	
ET.8 - Educación ambiental.				X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As Matemáticas serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou o fomento da creatividade estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como a educación para a saúde, serán abordados en unidades didácticas concretas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º	2º	3º
		trim.	trim.	trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións.	Levaranse a cabo todas aquelas conmemoracións marcadas no calendario escolar que serán organizadas polas diferentes dinamizacións do centro.	X	X	X

Observacións:

Como parte do proceso educativo e do desenvolvemento integral das distintas dimensións da personalidade do alumnado, dende o centro propoñeranse actividades complementarias para conmemorar as datas sinaladas no calendario escolar. Tendo en conta o proxecto de centro que se vai a levar a cabo para este curso 2023-2024 relacionado coa reciclaxe e a contaminación, as actividades terán como fío condutor esta temática. Aínda que non aparezan programadas, poderanse realizar todas aquelas que xurdan ao longo do curso e o equipo de profesores/as considere de interese pedagóxico, sempre seguindo os requisitos legais para a súa realización.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A actividades realizadas foron motivadoras e de proveito para o alumnado?
Traballáronse os elementos transversais plantexados?
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada cumpriu todos os aspectos recollidos na programación: motivadora, cooperativa...?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Fíxose uso dos recursos dispoñibles no centro: aula TIC, biblioteca...?
Medidas de atención á diversidade
Adaptáronse as tarefas e os tempos aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao alumnado NEAE?
Clima de traballo na aula
O alumnado cooperou e axudouse?
O alumnado resolveu os conflitos de forma pacífica?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Esta avaliación da práctica docente levarase a cabo ao finalizar cada trimestre e tamén ao remate de cada unidade didáctica, valorando os aspectos positivos e negativos da mesma así como os cambios introducidos (isto quedará reflexado no apartado de seguimento de Proens).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Disto quedará constancia no apartado "seguimento" da aplicación Proens.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados